

Plurilingüismo inclusivo: a escolla dos centros educativos



Noemí Álvarez Villar

CPI A Picota - Mazaricos

Asesora de idiomas na Consellería de Educación

noemiav@edu.xunta.gal

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 52-54

O Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece a presenza das linguas no ensino de Galicia e especifica a regulación das linguas estranxeiras como linguas vehiculares en materias non lingüísticas. Non obstante, con anterioridade á publicación deste decreto no ano 2010, xa estaban presentes no sistema educativo galego as linguas estranxeiras, como linguas vehiculares para o ensino doutras áreas de coñecemento (a denominada metodoloxía CLIL -Content and language integrated learning- ou AL-CLE-Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira). Desde o ano 2007 estaban reguladas as denominadas Seccións Bilingües^[1] que foran implantándose xa de xeito experimental desde o ano 1999. Esa implantación experimental fora levada a cabo a través de dous plans, as Seccións europeas e as Aulas bilingües.

En Galicia existe unha convivencia de linguas no ámbito educativo desde a regulación da cooficialidade da lingua galega, co establecido na Constitución española do 1978, o Estatuto de Autonomía do 1981 e a Lei de normalización lingüística publicada no 1983. Esta convivencia no ámbito educativo ten como pano de fondo a situación social da lingua castelá, como lingua dominante, fronte á situación de lingua dominada ou minorada da lingua galega. Froito deste contexto foron varios os decretos que regularon a presenza da lingua galega no sistema educativo, tanto o Decreto 247/1995, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, como o Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo tras a aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia, no ano 2004, do Plan Xeral de Normalización Lingüística. Desde o ano 2010 é o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este decreto, de acordo co que se indica na súa introdución, atende "a realidade social europea en que vivimos, nun con-

[1] ORDE do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

texto de globalización e mobilidade laboral que exige un marco educativo" que posibilita "a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras". Xa que logo, este decreto especifica a presenza das linguas estranxeiras no sistema educativo galego, máis alá de ser materias de estudo para o alumnado, pois regula a presenza destas como linguas vehiculares noutras áreas de coñecemento non lingüísticas.

O ensino de materias en lingua estranxeira está regulado na actualidade por dúas ordes, que desenvolven dúas accións diferentes, os centros plurilingües e as seccións bilingües, ambas do 12 de maio de 2011, unha pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e outra pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. Ademais, desde o curso 2017/2018 publícase anualmente a convocatoria de incorporación aos programas plurilingües nas etapas non obrigatorias, o 2º ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil), no Bacharelato (PluriBach) e na FP (PluriFP).

Estes dous programas que se desenvolven na etapa obrigatoria (Educación Primaria e Educación Secundaria) presentan certas **similitudes**:

1. En ambos os casos ofrécese ao alumnado a posibilidade de cursar materias non lingüísticas en lingua estranxeira, mediante a metodoloxía CLIL.

2. En ambos os programas o profesorado que imparte materias non lingüísticas en lingua estranxeira debe ter un nivel B2 en lingua estranxeira acreditado.

Pola contra, hai unhas **diferenzas** entre ambas as accións:

1. A participación do alumnado en Seccións Bilingües é voluntaria, mentres que nos centros plurilingües o alumnado debe cursar as materias non lingüísticas en lingua estranxeira que estean implantadas polo centro, ao ser un programa de centro aprobado no Consello Escolar.

2. No programa de Sección Bilingües as materias CLIL impártense de maneira bilingüe en galego/castelán e en lingua estranxeira, debendo chegar ao 50% en lingua estranxeira ao final do curso. Mentres, as materias CLIL dos centros plurilingües deben impartirse integramente en lingua estranxeira.

3. No programa plurilingüe hai continuidade, tendo que ofertarse cando menos unha materia non lingüística en lingua estranxeira en cada nivel da etapa. Mentres, cada sección bilingüe é unha proposta independente que non precisa ter continuidade, e mesmo pode non ofertarse para todos os grupos do nivel.

REFLEXIÓNS DOS CENTROS EDUCATIVOS ANTE ESTAS INICIATIVAS

De maneira xeral, o achegamento do alumnado ás linguas estranxeiras, como a calquera coñecemento, ten que constituír unha oportunidade pero sen implicar ningún atranco para ningún ou ningunha estudante. Polo tanto, hai que valorar como se desenvolven os programas para que constituían unha opción positiva para



o alumnado. É preciso ter en conta que os centros educativos de Galicia poden solicitar a súa participación nestes programas se o consideran adecuado de acordo co seu proxecto educativo. Ademais, de acordo coa normativa actual, son os centros educativos os que elixen o programa que queren desenvolver e con que materias o queren desenvolver, polo que o papel dos centros no proceso de elección, e dos claustros como parte fundamental destes, é clave para tomar decisións con respecto a estas iniciativas.

RETOS DOS PROGRAMAS NA ETAPA OBRIGATORIA

1. O programa de Seccións Bilingües

a. O programa de Seccións Bilingües, na Educación Secundaria pode favorecer que haxa grupos moi homoxéneos, ao organizar os grupos de alumnado dun nivel (por exemplo en 3º da ESO, se hai unha sección bilingüe en tecnoloxía) en función do alumnado que participa na Sección Bilingüe. Deste xeito hai un grupo (3ºA) co alumnado de Sección e ou-



tro grupo (3ºB) co alumnado que non participa na Sección. Polo tanto, é positivo organizar os grupos de maneira heteroxénea de tal xeito que o alumnado que participa na Sección (habitualmente motivado e con resultados académicos moi positivos) non estea no mesmo grupo, senón que se unan no horario específico da Sección. A organización do alumnado dunha Sección Bilingüe en grupos heteroxéneos dificulta a organización do centro educativo (organización de horarios e espazos) pero favorece a inclusión real de todo o alumnado.

b. O programa de Seccións Bilingües favorece a docencia de áreas, materias ou módulos non lingüísticos en diferentes linguas (francés, portugués, inglés). Esta diversidade lingüística aumenta a dimensión dun ensino plurilingüe e pluricultural, pois teñen maior presenza linguas que contan, socialmente, cun atractivo menor que o inglés, como o portugués ou o francés. Desde este punto de vista, é obvio o papel que ten a lingua portuguesa para poñer en valor a lingua galega.

2. Programa plurilingüe

a. No desenvolvemento do programa plurilingüe é preciso analizar a realidade do alumnado para ter en conta a diversidade e dar resposta ás necesidades de todos e todas. De acordo coa orde que regula este programa, no seu artigo 13, os centros plurilingües concretarán no seu proxecto lingüístico os programas específicos de atención ao alumnado, nomeadamente aquel

con necesidades específicas de apoio, que se incorpore ao inicio da etapa sen o grao de dominio da lingua estranxeira propio do seu nivel ou curso. Xa que logo, é responsabilidade de cada centro articular todas as medidas necesarias para atender a todo o alumnado e que o programa non poida ser unha dificultade engadida.

b. Entre as medidas de atención á diversidade pode estar a propia selección das materias implicadas no programa. Hai materias que teñen unha alta carga de contidos máis abstractos e outras que teñen contidos máis concretos, visuais ou prácticos. O achegamento aos contidos a través da lingua estranxeira é moi diferente, en función de cales sexan eses contidos. Resulta obvio que non é o mesmo desenvolver en lingua estranxeira estándares de Matemáticas ou Bioloxía ca aqueles de Educación Física ou Educación Plástica, sen caer en absurdos de relevancia de materias, pois non hai dúbidas sobre o papel que todas elas teñen no proceso formativo do alumnado.

Xa que logo, está na nosa man potenciar a situación de convivencia de linguas no sistema educativo, tendo en conta que todas as linguas suman. Polo tanto, é precisa a reflexión sobre a situación na que vivimos, para potenciar o plurilingüismo inclusivo, onde a primeira lingua que temos que potenciar, protexer e normalizar é a lingua minorada, a lingua propia, o galego, para desde esta lingua achegarnos a todas as que nos ofrecen outros espazos de uso. ■

